

[Encontro entre Cooperativas. Nº 2 – 5 Outubro]

Intercooperamos para Impulsar a nosa Cooperativa

Programa Aceleradora de Proxectos Cooperativos #ImpulsoCooperativo

[Actividade realizada no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social - POISES- e da REDE EUSUMO]

DATA REALIZACIÓN	Mércores, 5 de Outubro de 2022	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	09:30 – 11:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Encontro en formato On-line – A través de Zoom		
PERSONA DE CONTACTO	Ramón Carmelo Rodríguez Padín Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop	TELÉFONO	687 324 784
		E-MAIL	ramon@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Pór en común necesidades, obstáculos, estratexias e boas prácticas de intercooperación das cooperativas participantes
- Xerar un espazo de coñecemento mútuo e promoción de posibles accións de cooperación entre as cooperativas e persoas participantes aproveitando as sinerxias dos encontros.

PROGRAMA - CONTIDOS

- 09:30 - Benvida e presentación do Encontro no marco do programa Aceleradora de Proxectos Cooperativos #ImpulsoCooperativo, edición 2022.
- 09:40 - Presentación das cooperativas participantes.
- 09:55 - Realización dunha diagnose sobre os procesos e accións de intercooperación das cooperativas participantes.
- 10:30 - Divulgación de boas prácticas de intercooperación e contraste de potenciais accións a curto prazo e ferramentas, que favorezan iniciativas de intercooperación entre as cooperativas participantes.
- 11:30 - Remate da actividade.

METODOLOXÍA

Os Encontros Telemáticos deste Programa desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

Neste Encontro continuaremos a potenciar o coñecemento mútuo e, animaremos ás cooperativas participantes a pór en práctica e socializar boas prácticas, ferramentas ou experiencias que poidan ser de utilidade para a mellora nos procesos e accións de intercooperación.

Abrírase un espazo para formular preguntas e intercambio de comentarios sobre as experiencias e ferramentas presentadas, e tirar conclusións que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.

Dinamizará o Encontro a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

DIRIXIDO A

- Cooperativas beneficiarias do Programa de forma preferente.
- Outras cooperativas socias de EspazoCoop.

Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2022 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social do Goberno de España.
- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.